



# O MUSEO EN CAMIÑO

**ACTIVIDADE 12**

***Composición dun retrato paroleiro***

# ACT. 12

## Composición dun retrato paroleiro

### FICHA TÉCNICA DA OBRA

**Título:** *Mulleres parlando*

**Autor/a:** Luis Seoane

(Buenos Aires, 1910 - A Coruña, 1979)

**Data:** 1975

**Técnica:** Óleo sobre lenzo



*Mulleres parlando* pertence á etapa de madurez do artista, onde incorpora tendencias vangardistas na súa pintura (influenciado por Léger, Picasso, Matisse e Klee). O cadro vaise conformando a partir de grandes planos, xogando coa xeometría

e empregando cores planas e intensas, modelando así os volumes. O debuxo, unha liña de cor negra, conforma a estrutura final da composición. Trátase dun traballo que sintetiza plasticamente a realidade nunha linguaxe que tende á abstracción.

## ACTIVIDADE

---

Actividade de experimentación plástica empregando a técnica da montaxe seguindo o proceso creativo de Luis Seoane e xogando coa composición e a liña.

### Para que?

- Xogar para crear composicións diferentes.
- Traballar coa idea da figura e do fondo.
- Coñecer a obra dun artista galego.

### Contidos

- Elementos básicos da plástica.
- Identificación de formas xeométricas básicas.
- A liña.
- Composición plástica a partir do universo imaxinado, afectivo e social.
- Autores/artistas e a súa obra.
- A figura humana.

## Como se fai?

### 1.º Actividade lúdico-expresiva:

entregarase a cada participante un sobre coas formas recortadas da obra orixinal (idea de quebracabezas) para que cada participante elabore a súa propia composición partindo dos mesmos elementos. Logo, sobre un acetato que se situará enriba da composición, debuxaranse cun rotulador negro as liñas que definan a figura. Poderanse facer varias composicións e debuxos.

## Duración

1:30 h.

## Agrupamentos

Individual.

## Materiais e recursos

- Tesoiras, pegamento, lapis, acetato, rotuladores negros permanentes.
- Sobre con cartolinas recortadas para cada participante.

